


**Do 17 de novembro do 2022**
**ao 29 de xaneiro de 2023**

**Casa Galega da Cultura**

AGRUPACIÓN
FOTOGRÁFICA
GALEGA

**CONCELLO
DE VIGO**

# EXPOSICIÓN - MARATÓN FOTOGRÁFICO XXVI

COS TEMAS:

**CIRCULACIÓN · SUPERPOSICIÓN · INSTINTO · ABERRANTE**




**ABERRANTE** - 080 -
Antonio Gutiérrez Pereira

O Maratón fotográfico é un concurso no que as persoas participantes deben facer fotos sobre catro temas propostos pola organización ao longo de vinte e catro horas.

Os catro temas sonlles comunicados aos e ás participantes no momento da saída e nesta edición un total de 100 afeccionados á fotografía buscaron as mellores imaxes nas rúas, paisaxes ou moradas de Vigo.

Despois deben facer a selección das imaxes capturadas, escoller unha por tema na procura de coherencia e personalidade, equilibrio e expresividade. Unha serie que mostre os temas cunha atmosfera común que represente os/as autores/as e que teñen que entregar antes do remate das 24 horas.

Chega o tempo de elixir, o xurado é agora o encargado de interpretar, valorar e deixarse levar polas distintas propostas.

**SUPERPOSICIÓN** - 025 -
Irene Vieito





**INSTINTO** - 074 - María Villar Martínez

Búscase a orixinalidade e as series que máis transmitan, as que fan pensar e conseguen provocar sentimentos. O xurado ten que escoller as que se expoñen en gran formato na exposición e delas as series gañadoras.

Os temas desta vez foron: Circulación, Superposición, Instinto e Aberrante.
Pode ser que semellen pouco inspiradores ou complicados de fotografar, pode que pareza imposible xuntar a representación destas catro palabras en imaxes e acadar unha boa serie fotográfica mais estamos seguros de que tras visitar a exposición e deterse un tempo fronte a cada serie sentiredes como as fotos vos transmiten e iso é sen dúbida o que busca a fotografía, transmitir sentimentos.

Gozádeo...

**CIRCULACIÓN** - 091 - Fernando Bares Fernández



# Casa Galega da Cultura

Praza da Princesa, 2. Vigo

**Do 17 de novembro do 2022 ao 29 de xaneiro de 2023**

Luns a venres: de 18:00 a 21:00h.
Sábados: de 12:00 a14:00h e de 18:00 a 21:00h.
Domingos e festivos: de 12:00h a 14:00h.

Horario especial de nadal:
Sábados 24 e 31 de decembro de 2022: de 12:00 a 14:00h e de 16:00 a 19:00h.
Domingos 25 de decembro de 2022 e 1 de xaneiro de 2023,
e festivo do 6 de xaneiro de 2023: pechado.

labográfico · verde impresiones con sentido · GADIS · Woodtown · reizentolo · LASAL BOOKS · avanza by Mobility ADO · VITRASA

REDE DE MUSEOS
CONCELLO DE VIGO
Casa Galega da Cultura

AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA

CONCELLO DE VIGO